



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES  
CURSO: 3º PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DATA: 7 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<b>Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.</b>	<b>Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.</b>	<b>CAA, CCEC</b>
<b>Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade.</b>	<b>Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.</b>	<b>CSC,CCL</b>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

#### COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
<b>Cualificación final</b>	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de <b>recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación</b> das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
<b>Publicidade</b>	Publicación deste documento na páxina web do centro.